

Xabier López gaña o Xerais coa novela 'Cadeas' por ser un «baúl de historias»

► O escritor de Bergondo recibiu o premio nun acto na illa de San Simón, no que Antonio Fraga levouse o Merlín pola súa ópera prima, 'O castaño de abril', que escribiu á volta de Romanía

EUROPA PRESS

PONTEVEDRA. O xurado da XXX edición do premio Xerais de novela acordou por maioría declarar como gañadora a obra 'Cadeas' do escritor Xabier López López mentres 'O castaño de abril' do enxeñeiro Antonio Fraga Allegue foi a vencedora co XXVIII Premio Merlín de Literatura Infantil.

Ambos os dous galardóns foron outorgados onte nun acto celebrado na Illa de San Simón (Pontevedra), e no que participaron unhas 300 persoas, entre as que se atopaban, entre outros, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero; ou o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez.

O XXX Premio Xerais de Novela, dotado con 15.000 euros, recaeu en 'Cadeas' por ser «unha novela de novelas, un baúl de historias que denotan, ante todo, unha prodixiosa capacidade para fabular, para recrear e imaxinar».

E é que a novela iníciase a partir da anécdota dun escritor que descobre na praia unha muller nova que le unha novela súa, tombada sobre unha toalla. A partir de aí, establécese entre ambos os dous.

«Dende o fragmentarismo dun narrador que ás veces é pop e ás veces é culto e mostra amplos co-



Xabier López (esquerda) e Antonio Fraga, onte na ría de Vigo. EP

ñecementos literarios, 'Cadeas' nos paseamos por diferentes atmosferas, rexistros e historias con grande sentido do humor e cunha áxil ironía que nunca chega a ser cínica», sinalou o xurado.

Precisamente, ao coñecer o premio, Xabier López López mostrou a súa «inmensa satisfacción» por ver o seu nome «emparellado co

do premio Xerais, máxime nunha edición tan redonda como a trixésima». Sobre 'Cadeas', na que «aborda practicamente o século XX enteiro», defínea como a súa novela «máis arriscada e ambiciosa dende 'Doutor Deus'», publicada en 1999.

O título débese a varias historias encadeadas, «cheas de

pasadizos e trampas», así como porque «todas as historias que a compoñen teñen que ver coa idea de submisión/dominación».

No tocante ao galardón, López destacou que estes certames «se» poderían explicar por si mesmos e «polos seus títulos á literatura galega recente e, por extensión, á historia íntima dunha boa

parte da sociedade».

Pola súa banda, o xurado da XXVIII edición do Premio Merlín de Literatura Infantil, dotado con 10.000 euros, acordou por «unanimidade» declarar como gañadora 'O castaño de abril' e que resultou ser de Antonio Fraga.

Para o xurado, esta obra «cumpre as tres condicións case máxicas que un lector pode esperar dunha novela» e que son «lela dunha vez, atraído polo interese da súa trama», «estar magnificamente escrita» e «ser inesquecible porque os seus personaxes quedan flotando na imaxinación».

Así mesmo, sinalou que «conta unha fermosa historia, bebe dunha tradición popular que se renova e se trae para o presente» e «constrúe un galego traballado co ciclo dos mellores canteiros e cunha forma de escritura persoal».

Ao respecto, o autor Antonio Fraga destacou que 'O castaño de abril' «non é unha historia condescendente cos seus personaxes, non adoza as duras circunstancias que a estes lles toca vivir» senón que «intenta subliñar a dignidade coa que os máis débiles afrontan as situacións máis difíciles».

Antonio Fraga (Pontedeume, 1976) estudou Enxeñaría Técnica Industrial en Ferrol e en 2010 trasladouse a Romanía, onde participou na construción dun parque eólico e ao seu regreso comezou a escribir 'O castaño de abril', a súa primeira obra.

De feito, este enxeñeiro explicou que cando traballaba en Romanía: «As temperaturas baixas e a saudade pegáronme forte e trouxéronme de volta á terra, onde a situación económica estragou novas posibilidades laborais». «Por iso, a crise regaloume un tesouro chamado tempo», dixo.